

14. Protección de datos de carácter persoal. Os datos de carácter persoal que os participantes lle faciliten a Fundación SGAE incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é a Fundación SGAE, e en todo caso serán de aplicación a Lei de protección de datos de carácter persoal e a normativa vixente concordante.

15. Normas Xerais

A. Os participantes, polo feito de concorrer a esta convocatoria, aceptan integramente estas bases, así como as decisións do Xurado e autorizan á Fundación SGAE para difundir información sobre o Premio que inclúa datos profesionais e/ou fotografías do gañador.

B. Os participantes eximen ao Grupo SGAE de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente na que puidese incurrir algún dos participantes.

C. A Fundación SGAE non adquire, en virtude deste Concurso ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria en relación coa realización e desenvolvemento do Premio distinta da detallada neste documento

D. En caso de reclamación ou conflito, tanto os participantes como a organización deberán someterse á xurisdición dos Tribunais de Madrid, e renuncian ao foro que puidese corresponderlles.



INFORMACIÓN

FUNDACIÓN SGAE
Artes Escénicas de Fundación SGAE.
Tel. (+34) 91 503 68 14
artescenicassgae@fundacionsgae.org
www.fundacionsgae.org

ASOCIACIÓN CULTURAL VISIBLE
visible@festivalgayvisible.com
www.festivalgayvisible.com

XI Certame Internacional  sgae
Leopoldo Alas Mínguez
Para Textos Teatrais LGTBI 2017

Coa colaboración de  sgae

Co obxectivo de apoiar os autores dramáticos e estimular a creación de novos textos dramáticos que lle outorguen visibilidade ao colectivo LGTBI (lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais), a Fundación SGAE e a Asociación Cultural Visible convocan o

XI Certame Internacional Leopoldo Alas Mínguez Para Textos Teatrais LGTBI 2017

BASES

01. Poderán concorrer a este premio todos os socios da SGAE de calquera nacionalidade que o desexen, excepto os membros da Xunta Directiva e do Padroado e os premiados no tres edicións precedentes, con cantos textos teatrais consideren, escritos en calquera dos idiomas oficiais do Estado Español. O argumento dos textos, ou o perfil dalgún dos seus personaxes protagonistas, deberá ser de carácter gai, lésbico, transexual, bisexual ou intersexual (LGTBI).

02. As obras presentadas deberán ser cen por cen orixinais e inéditas e non ser publicadas nin representadas total ou parcialmente en teatro ningún, xa sexa de cámara, ensaio, oficial, comercial ou en formato de lectura dramatizada. Non se admitirá ningún tipo de tradución, adaptación ou refundición, xa sexa de novela, cinema, radio ou televisión ou mesmo do propio teatro. No entanto, o xurado admitirá obras premiadas noutros certames, a condición de que ese premio ou mención se producise dentro dos 12 meses anteriores á finalización do prazo de presentación de obras, é dicir, o día 2 de marzo de 2017. Os textos premiados con anterioridade a eses 12 últimos meses quedarán excluídos do certame.

03. Os orixinais serán enviados vía correo electrónico, pondo no asunto “Premio LAM” e a continuación o título do texto a concurso. O correo electrónico deberá incluír **dous** arquivos anexos en formato **PDF**:

A. O texto da obra (sen nome do autor) No caso de que a obra presentada a concurso estea nalgunha das linguas oficiais do Estado español distinta do castelán, o autor poderá incluír unha tradución ao castelán para que poida ser utilizada por aqueles membros do Xurado que non falen a lingua orixinal da obra. Se o autor non inclúe a dita tradución ao castelán, Fundación SGAE quedará autorizada para realizar a citada tradución para os únicos efectos de servir de instrumento de traballo para os membros do Xurado. As ditas traducións serán destruídas á finalización da resolución do premio.

B. Os datos persoais e de contacto, tales como nome, apelidos, enderezo actual (residencia habitual e residencia fiscal), correo electrónico, número de teléfono, breve currículo, fotocopia do DNI ou pasaporte, foto do autor e a autorización expresa do autor a favor de Fundación SGAE para o uso dos seus datos de carácter persoal en todas as xestións necesarias para a realización e execución do premio.

04. As obras deberán enviarse, entre o **2 de marzo e o 20 de abril de 2017**, ao enderezo: artesesescenicas@fundacionsgae.org, que é a que aparece na web da Fundación SGAE www.fundacionsgae.org.

05. A Fundación SGAE e a Asociación Cultural VISIBLE nomearán un xurado composto por **profesionais do mundo das artes escénicas de recoñecido prestixio** e presidido polo Presidente da Asociación Cultural VISIBLE e en calidade de secretario, un representante da Fundación SGAE.

06. A decisión do Xurado será inapelable. A concesión do **XI Certame LAM 2017** farase pública antes do **31 de decembro de 2017**. O premio non poderá ser compartido nin declarado deserto, aínda que o Xurado resérvese o dereito a facer algunha mención de honra a algún outro texto se o considera oportuno. A Fundación SGAE procurará, na medida do posible, que entre os membros do Xurado haxa persoas que falen as linguas autonómicas oficiais do Estado español.

07. Establécese unha dotación para o autor da obra gañadora, de **DOUS MIL EUROS (2.000 €)**, impostos incluídos, e a dramatización do texto gañador dentro do Ciclo SGAE de Lecturas Dramatizadas. O premiado estará sometido a tributación de acordo coa lexislación vixente.

08. Así mesmo, o texto gañador será editado pola Fundación SGAE na data que esta determine e nos termos e condicións que se establezan por escrito. As obras publicaranse na lingua na que fosen presentadas na convocatoria ou, por petición do autor, traducidas ao castelán. Para isto debe ser o propio autor quen lle facilite a Fundación SGAE a tradución oportuna.

09. O autor comprométese a incorporar a mención **“XI CERTAME INTERNACIONAL LAM, 2017”** en todo o vinculado á representación, fixación e publicidade da obra.

10. O autor da obra galardoada comprométese a asinar o correspondente contrato de edición nos termos que estableza a Fundación SGAE.

11. Os exemplares das obras non seleccionadas serán destruídos a partir da notificación do texto premiado, así como as traducións que se realizasen. Non se devolverán os devanditos exemplares, nin as traducións, nin se manterá correspondencia ningunha sobre estes.

12. Logo de que se conceda o premio, a Fundación SGAE poderá poñerse en contacto, por petición do Xurado, cos autores das obras que soliciten para que estes decidan se desexan proporcionarlles os seus datos ao Xurado ou non.

13. O autor gañador será convidado a formar parte do Xurado na seguinte edición do Certame, sempre que a súa situación persoal e xeográfica o permita.